

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 25 de marzo de 2022

**Hora de comezo:** 11:30 h

**Hora de remate:** 13:11 h

### ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Ángeles Parrilla Latas (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Susana Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

### INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Análise e validación do informe de acreditación do programas de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
4. Implantación do SGC: aprobación das conclusións do grupos de traballo en Xestión Documental
5. Rolda aberta de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### **1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 9 de marzo de 2022.

### **2 Informe da presidencia**

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas para implantar no 2023/24: o técnico superior de calidade da Área de Calidade comenta o novo protocolo de doutoramento da REACU v2022, adaptado ao RD 822/2021.
- Renovación de acreditación:
  - No punto 3 tratarase o informe de acreditación do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial.
  - Non se dispón de información precisa respecto dos PD Eficiencia Enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura (coordinado pola UPV/EHU) e Química teórica e modelización computacional (coordinado pola UAM), nin dos outros PD coordinados pola USC e UdC.
  - O técnico superior de calidade da Área de Calidade comenta que tamén hai un novo protocolo de Seguimento e Renovación da Acreditación en doutoramento da REACU neste apartado (v2022, tamén adaptado ao dito RD).
- Seguimento 2022: os PD en Creatividade e Innovación Social e Sostible e en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento (ambos os dous implantados no 2017/18) farán seguimento externo (ACSUG), que se tratará na seguinte Comisión de Calidade.
- SGC: situación do sistema: xa están rematados os procesos de Información Pública, o de Xestión Documental e o de Dirección estratéxica. Para a próxima semana comezará o do Xestión Académica-Admisión.
- Memoria 2020/2021. En abril comezaremos coa redacción da memoria da EIDO do curso pasado. Será necesaria unha Comisión de Calidade para aprobalas.
- HR: continúa o Ciclo de relatorios temáticos.

### **3 Análise e validación do informe de acreditación do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial**

Os membros da Comisión analizan o informe para a renovación da acreditación do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial. O principal punto que suxiren mellorar é a visibilidade das 3 universidades participantes, especialmente no SGC.

Valídase o informe, enviando ao coordinador pequenos axustes para mellorar a redacción e delegando na subdirección da EIDO a comprobación destes cambios.

## **4 Implantación do SGC: aprobación das conclusións do grupo de traballo en Xestión Documental**

O subdirector da EIDO expón as conclusións do grupo de traballo en Xestión Documental:

- Para a normativa en discusión, empregárase o correo electrónico ou consultas cos interesados, se é necesario
- A normativa en exposición pública estará exposta no apartado Web da Universidade de Vigo (cun enlace desde a Web da EIDO e avisos por correo): <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/arquivo-normativa/normativa-exposicion-debate>
- Identificar e consolidar a normativa específica de doutoramento (Lei do SUG) e traducir ao castelán e, os aspectos máis salientables para o estudantado, ao inglés. Trasladar á Area de Imaxe as versións consolidadas
- As enquisas de satisfacción seguirán no portal de transparencia, e na Web da EIDO porase un enlace a elas
- En febreiro-marzo de cada curso pedirase ás CAPD un informe da mobilidade do curso anterior, do perfil de egreso do curso anterior, do perfil de ingreso e dos complementos formativos do curso actual e unha análise das enquisas de satisfacción que se fixeran desde o informe anterior. Estes informes os porán as Áreas académicas no xestor documental
- As actas das CAPD poranse tamén no xestor documental obrigatoriamente, aínda que será opcional que sexan visibles. No futuro terán que ser públicas, para o cal a súa redacción debe adaptarse as normas de protección de datos da LOPDGDD. Organizarase unha acción de formación ao respecto e proporcionarase un formato estándar.

Apróbanse por asentimento.

## **5 Rolda aberta de intervencións**

Non hai.

## ACORDOS

1 Apróbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 9 de marzo de 2022.

2 Valídase o informe de acreditación do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial

3 Apróbanse as conclusións do grupo de traballo en Xestión Documental

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente